Gallaecia Libros
www.gallaecialibros.com
info@gallaecialibros.com
Tel : (+34) 981 823 272

Os escuros soños de Clío

COD. PRODUTO: 00015446
AUTOR: Casares, Carlos
NOME: Os escuros soños de Clío
CATEGORÍA: NARRATIVA
REF: Ic41
DESCRIPCIÓN:
En galego. Tapas rozadas. Bo estado de conservación do interior 17 x 12 cm

CARLOS CASARES naceu en Ourense en 1.941 pero dende moi novo viviu en Xinzo de Limia. Fixo os estudios de Bachillerato na súa cidade natal e os superiores na Universidade de Santiago, onde cursou a Licenciatura en Filoloxía Románica.

A actividade literaria de Carlos Casares como narrador iniciouse no ano 1.965 coa publicación de tres excelentes contos que deu a conocer a revista **Grial**. Dous anos máis tarde a Editorial Galaxia publica **Vento ferido**, un conxunto de doce narracións que foron consideradas unánimemente pola crítica como unha das obras fundamentais da narrativa galega de post-guerra.

A partir deste momento a actividade creativa de Casares consolídase coa incursión en outros xéneros, ao tempo que incorpora á súa narrativa innovadoras formais moi na liña da avanguarda da época. Neste sentido, a súa primeira novela, **Cambio en tres**, é un nidio exemplo de narración experimental, aínda que nela latexan xa as constantes estilísticas e temáticas que van definir logo a súa obra posterior.

No ano 1.975 aparece **Xoguetes pra un tempo prohibido**, «Premio 25 anos da Editorial Galaxia» e «Premio de la Crítica» aquel mesmo ano, considerada hoxe como un dos «best-sellers» da literatura galega dos últimos tempos.

A obra que ofrece hoxe aos seus lectores as Edicións do Cerne, **Os escuros soños de Clío**, publicouse no ano 1.979 na colección **Area maior** desta mesma editorial e foi considerada pola crítica como a obra máis madura de autor. Trátase dunha ducia de narracións que teñen como teléo de fondo a historia de Galicia dende o século X ao XX. Casares gusta eiquí xogar co **apócrifo**, xénero idóneo para desenrolar a súa ricaz fantasía e sorprender ao lector, que troca o seu proceso de lectura nun acto de creación.

Nesta mesma liña Casares ven de publicar hai poucos días na Editorial Galaxia de Vigo, **Ilas-trísima**, novela que o sitúa nun dos primeiros postos dentro do panorama da literatura galega actual.

TALLES:

CORES: